




A auga da atmosfera

A atmosfera só contén a cenmilésima parte da auga da Terra, pero esa pequena cantidade é a que, ao distribuírse pola superficie, alimenta os ríos e os acuíferos e fai posible a vida.



A NUBES son masas formadas por pequenas partículas de auga e/ou xeo en suspensión na atmosfera que se forman por condensación do aire húmido.

A auga pódese atopar na atmosfera en calquera dos tres estados: sólido (xeo), líquido ou gasoso (vapor).



CIRROS
Nubes moi altas, pequenas, estreitas e finas. A súa aparición no ceo acompaña os cambios de tempo.

NIMBOS
Nubes avultadas, moi altas e planas por arriba. Son as nubes típicas de tormenta. Producen fortes chubascos, descargas eléctricas e saraiba.

CÚMULOS
Nubes con formas redondeadas, avultadas, de cor gris pola parte de abaixo e brancas e brillantes por arriba. Cando se fan e se desfán son sinal de bo tempo. Se se espesan indican cambio de tempo.

ESTRATOS
Son as nubes máis baixas, sen forma fixa, grises e desfaiñadas. Indican mal tempo.


O vapor de auga que hai no aire xeralmente non se ve. Cando enfría condénsase e faise visible en forma de NUBES, nas capas altas, e NÉBOA, a nivel do chan. Se a temperatura segue baixando depositase en forma de ORBALLO, e se se conxela forma a XEADA.



As PRECIPITACIÓNS prodúcense cando o peso das pingas que se forman nas nubes é tan grande que non se poden soste no aire e caen en forma de CHUVIA, NEVE ou SARAIBA



As TORMENTAS fórmanse a consecuencia da gran diferenza de temperatura entre dous puntos da atmosfera. As partículas de vapor que soben e as de xeo que baixan chocan entre si, dentro da nube e cárganse electricamente. A electricidade que acumulan descárgase entre distintas partes da nube ou cara á terra.



O PEDRISCO fórmase pola conxelación das pingas da chuvia cando pasan a través de capas de aire frío. Nas nubes de tormenta pode acadar grandes tamaños que o fan perigoso.

Cando a luz atravesa a pingas de auga reflíctese no seu interior e descomponse nas cores do ARCO DA VELLA



A chuvia cando cae en grandes cantidade pode producir enchentes.